

## ACTA REUNIÓN COMISIÓN CONTROL PLANO PENSIÓNS UNIVERSIDADE DE VIGO

### ASISTENTES

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

##### Vicerreitor Economía

José María Martín Moreno

##### Xerenta

Raquel María Souto García

##### Vicexerente de Recursos Humanos

José González Groba

##### Profesor Dr. Titular de Universidade

Baltasar Manzano González (non asiste)

##### Xefa Sección Retribucións e Seguros

##### Sociais

Marta Cogolludo Fernández

### PARTÍCIPIES

María Montero Muñoz

Miguel González Loureiro

Pedro González Santamaría (non asiste)

Cándido Pérez Betanzos

Luis J. Olivares Requejo (non asiste)

Acta da reunión da Comisión de Control do Plano de Pensións da Universidade de Vigo, celebrada ás 09:35 horas do día 22 decembro de 2021, a través de campus remoto, coa asistencia das persoas que se citan ao marxe e de acordo coa seguinte

### ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación da acta 10 novembro 2021.
2. Presentación e votación da proposta que inclúa nas Especificacións do Plan o que fixa o artigo 9 do Regulamento de plans e fondos de pensións en canto aos supostos excepcionais de liquidez, artigo 25 bis (apartados 1 e 2) do Regulamento de Plan de Pensións da Universidade de Vigo.
3. Votación do novo Regulamento de Plan de Pensións da Universidade de Vigo, incluíndo o acordado no punto anterior.
4. Acceso á información do plan de pensións por parte da Comisión de Control e dos partícipes (acceso a Banca electrónica e Banca móbil): presentación proposta de acceso e prazos, que permitan aos usuarios ter información do Plan de pensións.
5. Entrega informe obxectivos estratéxicos, anual, quincenal e a 10 anos.
6. Rogos e preguntas.
7. Lectura e aprobación da acta.



Asiste a esta reunión por parte de ABANCA vida e pensións: Jesús de Juana e Lucas López.

1. Lectura e aprobación da acta 10 novembro 2021.

Apróbase a acta por unanimidade.

2. Presentación e votación da proposta que inclúa nas Especificacións do Plan o que fixa o artigo 9 do Regulamento de plans e fondos de pensións en canto aos supostos excepcionais de liquidez, artigo 25 bis (apartados 1 e 2) do Regulamento de Plan de Pensións da Universidade de Vigo.

Preséntase a redacción do artigo 25.bis incluíndo no suposto de enfermidade grave ás parellas de feito, polo que procédese a substituír o último parágrafo do apartado 1 do artigo 25 bis

**SUBSTITUIR ESTE PARÁGRAFO:**

A persoa afectada pola enfermidade grave poderá ser tanto a partícipe coma a/o cónxuxe, as/os seus descendentes ou ascendentes en primeiro grao, ou a persoa que, en réxime de tutela ou de acollemento, conviva co/coa partícipe ou dependa del ou dela.

**POR ESTE:**

O afectado pola enfermidade grave poderá ser o partícipe, ou ben o seu cónxuxe ou parella de feito legalmente constituída e inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, ou algún dos seus descendentes ou ascendentes daqueles en primeiro grao, ou persoa que, en réxime de tutela ou acollemento conviva co partícipe ou del dependa.

A comisión decide aprobar estas modificacións do regulamento.

Na reunión anterior a Comisión de control decidiu incluír este punto 3 no artigo 25.bis, en relación á inclusión dun novo suposto de liquidez no regulamento do plan

**ENGADIR ESTE PARÁGRAFO:**

3. Así mesmo, o partícipe poderá dispor anticipadamente do importe dos seus dereitos consolidados correspondente ás achegas realizadas que contén con polo menos dez anos de antigüidade. A percepción dos dereitos consolidados neste suposto será compatible coa realización de achegas a plans de pensións para continxencias susceptibles de acaecer.

Con todo o anterior queda modificado o artigo 25 bis do Regulamento de plans e fondos de pensións nos seus apartados 1 e 3.



3. Votación do novo Regulamento de Plan de Pensións da Universidade de Vigo, incluíndo o acordado no punto anterior.

Unha vez aprobado o punto anterior, conleva a modificación e inclusión dese contido no Regulamento de Plan de Pensións da Universidade de Vigo, neste punto da orde do día os membros da comisión aproban esta modificación do artigo 25 bis apartados 1 e 3 do Plan de Pensións que está detallado no punto anterior da orde do día.

4. Acceso á información do plan de pensións por parte da Comisión de Control e dos partícipes (acceso a Banca electrónica e Banca móbil): presentación proposta de acceso e prazos, que permitan aos usuarios ter información do Plan de pensións.

O representante da Entidade Xestora comunica que, malia que xa existía o proxecto do lanzamento dun portal de información para os partícipes do plan de pensións da Universidade de Vigo, o mesmo adiantouse para estar operativo durante o ano vindeiro.

Infórmase que este Portal será implantado en tres fases fundamentais: A primeira, o portal de acceso a información para partícipes e beneficiarios, unha segunda de acceso a información ao nivel do promotor e, por último, unha fase para dotar de operatividade tanto ao nivel dos partícipes e beneficiarios (realización de achegas e modificación de beneficiarios) como para o promotor (tramitación de achegas).

A fase inicial, que cumpre co pactado no Concurso levado a cabo no ano 2012, ten como data de finalización o próximo mes de maio 2022. O resto de fases serán desenvoltas no terceiro e cuarto trimestre do ano 2022.

Os equipos da Entidade Xestora que están a participar no proxecto son Negocio, Operacións, Sistemas e Omnicanalidade.

O alcance do proxecto superará á web inicial desenrolada por Caixanova Vida y Pensiones en información, acceso a documentación e operatividade.

María Montero propón a creación dun simulador individual de execución do plan de pensións, Jesús de Juana informa que o simulador non poderá estar dispoñible ata a última fase.

O Vicerreitor propón que Abanca envíe un recordatorio a tódolos partícipes para que indiquen como queren recibir a información de plan de pensións (dixitalmente ou por email).

5. Entrega informe obxectivos estratéxicos, anual, quincenal e a 10 anos.

Non existe, na práctica, un informe de obxectivos estratéxicos do fondo de pensións con diferentes duracións. A normativa establece a necesidade de que o fondo conte cunha estratexia de investimentos ao longo prazo.



Esta estratexia de investimento, denominada Alpha 360 foi comentada na reunión do 1 de xullo na que se informaron dos principais cambios na declaración de principios da política de investimento do fondo de pensións, celebrada o 29 de xaneiro.

Faise un breve resumo sobre esta estratexia de investimento ao longo prazo baseada na incorporación definitiva de controles e criterios de investimento baseados na sostenibilidade, medioambiental e bo goberno corporativo tanto na xestión como na elección dos activos de investimento do fondo de pensións mediante un novo e sofisticado proceso de identificación de nichos de mercado e oportunidades dentro do ciclo económico buscando a preservación do capital.

María Montero pide detalles máis concretos da estratexia de investimento, Jesús de Juana di que neste momento macroeconómico con diversas variables con alta volatilidade, é preferible a inversión en fondos de renda fixa.

6. Rogos e preguntas.

Non hai rogos e preguntas.

7. Lectura e aprobación da acta.

Dase uns minutos para redacción e repaso da acta, que queda aprobada por unanimidade.

E sen máis asuntos que tratar, dáse por concluída esta reunión ás 10:40 horas.

Vº e prace  
Jose María Martín Moreno

A secretaria  
Marta Cogolludo Fernández

